

Abono Social de Telefónica

Concepto:

Consiste nunha redución do 70% na instalación da liña telefónica (alta inicial) e do 95% no abono mensual (mantemento) para persoas maiores de 64 anos ou xubiladas por incapacidade laboral absoluta. O custe das chamadas é o mesmo que para calquera outra persoa e non existe límite de consumo.

Persoas beneficiarias:

Persoas maiores de 64 anos ou xubiladas por incapacidade laboral absoluta.

Requisitos:

- Ser xubilado/a ou pensionista (por incapacidade, viuvez, orfandade, etc) e estar percibindo unha pensión causada no Réxime Xeral da Seguridade Social ou doutros do Sistema da Seguridade Social (non é necesario o requisito de idade mínima)
- Ingresos anuais da unidade familiar non superiores ao 120% do IPREM (na contía en referencia co SMI, sen excluír as pagas extraordinarias): 8.946,17 euros no ano 2010 (14 pagas)
- Que se trate do domicilio habitual da persoa solicitante.

Os dous requisitos anteriores considéranse cumpridos cando concorren na persoa que figura como titular do contrato do teléfono ou no seu cónxuxe, sempre que ambos convivan no mesmo domicilio.

- Que a instalación da liña beneficiaria do Abono Social coincida co empadramento da persoa titular e que éste non dispoña doutro teléfono que se beneficie desta redución.

Solicitud:

Para solicitar o Abono Social (incluída a alta de liña) remitírase, ben por correo postal, a través do Apartado de Correos 423, C.P.48080 - Bilbao, ben a través do correo electrónico abonosocial@telefonica.es, a seguinte documentación:

- Carta de solicitude, na que conste o nome da persoa titular, DNI, enderezo completo, teléfono de contacto e nº de conta bancaria.
- Fotocopia do DNI, pasaporte ou Tarxeta de Residencia de todas as persoas que viven no domicilio e documento acreditativo equivalente para os menores de 16 anos (fotocopia do Libro de Familia)
- Volante de empadramento familiar ou colectivo. Deben figurar todas as persoas censadas na mesma vivenda e indicar que non existen máis inscricións.
- Xustificante de ingresos do ano en curso (percepción ou non percepción dos mesmos) para a persoa titular e cada unha das persoas empadroadas, maiores de 16 anos.